

SEMINARIO

“Bom vinyo d’Ourens: historia e arte do viño na Idade Media ourensá”



DOCENTE: Diego Fernández Núñez

DATAS: 3, 10 e saída o 19 de febreiro de 2025

HORARIO: de 10:30 a 12:30 h

LUGAR: Por determinar

Ribeira

Prezo da matrícula:

Alumnado do Diploma Senior IV Ciclo: **22,6 €**

Externos ao programa: **56,5 €** + 20,69 Seguro de accidentes (O seguro de accidentes abonarase unha vez por curso académico)

Prazo de matrícula: Desde o 9 de xaneiro ata o 31 de xaneiro

A matrícula realizarase chamando ao teléfono 881 814 588 ou ben a través da secretaría virtual no seguinte enlace.

<https://sec-virtual.usc.es/Actividades/Matricula/SeleccionaActividade.asp?IdActividad=14162>

O mínimo de estudantes matriculados/as para poder impartirse este seminario será de 15.

INTRODUCCIÓN

Bom vinyo d'Ourens. Estas verbas, pertencentes a unha cantiga de escarnio atribuída a Afonso X o Sabio (1221-1248), poden servir como evidencia da importancia e prestixio que acadou o viñedo da actual provincia de Ourense en tempos medievais. Co beneficio económico que supuxo este produto agrícola e a súa comercialización, o enriquecemento de certos centros relixiosos en zonas como o Ribeiro de Avia ou a Ribeira Sacra permitiu a proliferación e concentración dun rico patrimonio artístico que, sumado ao terreo vitivinícola, configura na actualidade unha auténtica paisaxe cultural con fondas raíces na Idade Media e nas súas idiosincrasias.

O seminario abordará a historia das rexións vinícolas do Ribeiro e a Ribeira Sacra durante a Idade Media, atendendo ao seu desenvolvemento, a participación directa ou indirecta das comunidades monásticas nesta actividade e as pegadas de época medieval que a día de hoxe permanecen vivas na arte das súas igrexas e mosteiros.

OBXECTIVOS

Introdución á historia do viño en Galicia

Aproximarse á historia do monacato en Galicia e no Ourense medieval

Achegarse ao papel do monacato no nacemento das rexións vinícolas galegas

Estudar a arquitectura medieval das rexións do Ribeiro e a Ribeira Sacra

CONTIDOS:

O papel do viño na Idade Media

As principais ordes monásticas do medievo galego e a súa arte

A importancia do monacato na expansión do viñedo galego

Mosteiros e viño do Ribeiro medieval

A Ribeira Sacra: monacato e viticultura heroica

METODOLOXÍA:

O seminario organizarase en dúas sesións maxistras de dúas horas cada unha. A derradeira sesión estará planeada como unha saída de estudos a convir co alumnado. Coa intención de coñecer en persoa edificios e espazos conectados a nivel histórico cos viños da D.O. do Ribeiro a saída incluírá a visita aos mosteiros de San Clodio e Melón e a unha adega desta denominación de orixe.

BIBLIOGRAFÍA:

DE JUANA, JESÚS (coord.). O Ribeiro (A terra que regou o viño). Vigo: Ir Indo, 1993.

FERNÁNDEZ CASTIÑEIRAS, ENRIQUE e MONTEROSO MONTERO, JUAN MANUEL (coord.). Piedra sobre agua. El monacato en torno a la Ribeira Sacra. Opus monasticorum IV. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2010.

PÉREZ RODRÍGUEZ, FRANCISCO JAVIER. “Vino y monasterios en el Ribeiro de Avia medieval”. Diversarum rerum. Revista de los Archivos Catedralicio y Diocesano de Ourense, nº10 (2015), 203-228.

PÉREZ RODRÍGUEZ, FRANCISCO JAVIER. Los monasterios del reino de Galicia entre 1075 y 1540: de la reforma gregoriana a la observante. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, 2019.

SINGUL LORENZO, FRANCISCO. “El Vino en el Camino de Santiago durante la Edad Media. Aproximación histórica y cultural”, Rudesindus: miscelánea de arte e cultura, Nª4 (2008), 83-106.